

DOCUMENTOS REAIS

1

17 de abril de (857)

EL-REI REI ORDOÑO I CÉDELLES A DOUS MONXES CHEGADOS DE CÓRDOBA , UN DELES CHAMADO AUDAFREDO, O MOSTEIRO DE SAMOS COAS SÚAS ANTIGAS PERTENZAS.

No nome do Señor, ORDOÑO, rei, ... VICENZO , presbítero, e AUDEFREDO.

Dubidoso non é isto senón que por moitos coñecido permanece, como chegaron cordoveses, de cuxa patria nos presentes tempos nosos chegaron á urbe de GALICIA....polo noso mandado damos e concedemosvos o Mosteiro que está en SAMOS, perto do río da SÁRRRIA.... Xulián e Basilisa cos seus bens, coas vilas e os mosteiros, calisquer que a ese lugar de SAMOS....Vilas no Territorio do BIERZO: A vila chamada VIOXIO, e igrexa chamada de SAN XOÀN e SANTO ESTEVO ... Unha vila no lugar de NARAIA ; a vila perto do río LOR que chaman SOBREDO, a igrexa chamada de SAN MARTIÑO, bispo, as vilas e vilelas que están perto do río LÓUZARA, a igrexa chamada de SAN CRISTOVO, a vila.....na ribeira do MIÑO, onde din CELAGUANTES.

No TERRITORIO SALINENSE: A vila que chaman LUSTRES, e a igrexa de SAN PEDRO, apóstolo, as SALINAS SAMANEGAS íntegras, e con todo canto a este lugar de SAMOS pertence.

E ademáis ARVORSA.... CUÑARRO coa igrexa chamada de SANTA MARIÑA.

Teñades isto por nós dado , este MOSTEIRO DE SAMOS con toda a súa adxacenza, que a este Mosteiro pertence con perenne dereito segundo e como obtiv(Fata)-lix bispo por doazón do noso pai de grata memoria don RAMIRO, e tamén nós o vendimos e concedimos con pacífico dereito; obtédeo sen ningunha inquedação, por vós e por toda a vosa posterioridade sexa tido.

Feita foi escritura de venda e doazón no día dècimo quinto das quendas maias na Era (895).

ORDOÑO , rei, confirmante.- MUMA DOMNA , confirmante.-AFONSO II, o que o noso pai fixo, e tamén nós o confirmamos.- Baixo o nome de Cristo, ROSENDO, bispo, que isto vin, confirmo.-Baixo o nome de Cristo, GUMELO, bispo, que presente o vín.- NEOPOCIANO, que presente fun.- BONELLO, abade, confirma.- NUNO, confirma.-OVECO DIAZ, confirma.- PLACENCIO, presbítero, testemuña.- CENSERIGO, testemuña.- XUSTO, presbítero, testemuña.

URBEM GALLECIE : Galicia.-SAMANOS: Samos.-RIVULUM SARRIE: Río da Sárrria
TERRITORIO BERGIDO : O Bierzo.-VIOGIO: Villadepalos(O Bierzo) .-NARAGIE:
Naraya (O Bierzo).-RIVULUM LAURE: Río Lor.-SUVERETUM: Sobredo.-RIVULUM
LAUZARA: Río Lóuzara.-SANCTI CHRISTOFORI:San Cristovo de Lóuzara.-RIPA MINEI :
Ribas do Miño CELLAHICORANTES: Celaguantas.-TERRITORIO SALINIENSE: O Salnés
LUSTRIS : Lustres .- En Vilalonga (O Salnés).-ARVORSA: En Santiago de
Arnego.-SALINAS SAMANENSES: Salinas Samanegas.-CUNIARRUM: Cuñarro.- ECCLESIA
SANCTA MARINE: En Cuñarro

25 de xullo de 872

O ABADE OFILÓN, A MONXA MARÍA E O PRESBÍTERO VICENZO FAN INVENTARIO DOS BENS POR ELES TRAÍDOS DENDE CÓRDOBA, DO QUE ACHARON NO MOSTEIRO DE SAMOS E DO QUE ESTANDO NEL CONSEGUIRON AUMENTAR.

No nome da Santa e Indivisa Trindade, a vós santos mártires e triunfadores os santos Xulián e Basilisa e Santa Eufemia e outros mártires, no título constituídos de quen a basilica e mosteiro sitos están na provincia de Galicia, no territorio de LOUSADA, perto do río da SÁRRIA, discurrente do IRIBIO e do Monte da MEDA.

Febble e cativo servo voso, nós, OFILÓN, abade, e MARÍA, "Deo vota", e VICENZO, presbítero, con adecuada vontade de que o desexo cristián sexa aprobado, posto que a mente de especial ardor aberta ao seu Deus é desenvolvida coas oblacións dos servos, aínda que na abundancia das cousas mínimamente posuamos algunhas, tamén de módicos estipendios reunidas por nós pola divina xenerosidade, xusta vaciedade no exemplo, que dúas minucias de devoción ofrecese recordamos en obsequio do Santo Evanxeo, aínda que despois da grande cantidade dos nosos pecados nada posuimos para ofrecerlle a Deus, para que consigamos que a cara do severo xuíz podamos distinguila suave; por esta razón preparando para nós a intercesión do Señor Xesús-Cristo, ouh santos e venerables, e que sexa benigno con nós e xa que fundado foi o voso mosteiro neste lugar polos antigos padres e é sabido que despois tamén por torpes e negligentes cregos e leigos foi violado, en nada seguidores da santa régoa, nós os xa ditos, concedida clemencia por Deus e coa axuda de Deus, conducidos fomos e chegamos a esta rexión dos confíns de Galicia, nós que de nación fumos e de patria cordobesa, dirixímonos e viñemos aquí no tempo do príncipe don ORDOÑO, ao reino deste católico, quen tamén na súa clemencia tolerando a nosa fragilidade concedeunos o lugar e o mosteiro da súa ración que dín SAMOS, e a vila de SANTA MARIA na vila de CAMANZO, por escritura de firmeza, finalmente devotos servos nós os xa ditos OFILÓN, abade, MARÍA e VICENZO, presbítero, coa axuda de Cristo agradecidos decidimos darche o regalo deste voto e renovámolo, Señor, no voso lugar e na honra dos teus santos, reparando a vía de vida e disciplina e a norma do cenobio dos antigos padres, por moito que non de xeito lexítimo fose cumprido por calquera que no mesmo lugar, coa axuda de Deus, reunimos, fixemos e ensalzamos con humillación de contrito corazón.

Tanto nós como os frades que connosco e con sincera mente e corazón puro están esforzándose, ofrecemos e damos ao voso santo nome e ao sacrosanto altar e aos nosos patróns os beatos Xulián e Basilisa cos seus compañeiros, de maneira que sirva para reparación do voso mosteiro e por longos séculos todo permaneza, as casas e todos os bens que nelas están, isto é:

As camas, cobertores, almofadas, tapices, mesas, que necesarias son, de liño, de madeira e de metal, e os ornamentos para os ministerios da igrexa e a vestimenta dos cregos, precisas para os sacrificios, que son de seda e de liño, ademais os libros especiais e eclesiásticos cos que nós dende aquela rexión trouxemos, e con outros bens que alcanzamos: terras, viñas, pumaregas, as que tamén aplicamos, cos montes, cousas, cadrúpedos, xumentos, reptiles, armentíos, ovellas e aves de curral.

Ademais todo o propio nas vilas e prestacións do mosteiro non é incongruente relacionalo:

Na vila que está no lugar buvalense onde dín SAN XULIÁN DE CELAGUANTES.
En QUIROGA a vila da igrexa de SANTA MARINÁ que as diriximos con todos os bens que adquirimos.
E o mesmo en CUÑARRO.

No territorio salinense a igrexa de SAN PEDRO.

En LÓUZARA as vilas e as igrexas , dende as máis pequenas ás maiores.

No LOR onde din SOBREDO e a igrexa de SAN MARTIÑO.

No BIERZO , onde din VIOXO, a igrexa de SANTO ESTEVO e SAN XOÀN.

No territorio da DEZA , a vila e a igrexa de SAN XACOBE, que está entre ORZA e CARRIO, coas súas prestacións e o seu acceso que está fundada xunto do río ORZA, con toda a familia deste lugar,

E igoalmente coas súas salinas e campas, provisións , pesqueiras e todo canto a estes lugares pertence, o que nós coa axuda do Señor gañar e aumentar poidemos e segundo pola munificencia de El-Rei por nós posuído foi.

Todos estes bens enriba nomeados ofrecemos e testamos para a vosa gloria e para este mosteiro xa dito de SAMOS e para todos os que ali en vida santa perseveren e o que sucesivamente coa axuda de Deus poidamos proliferar e facer, perpetuamente sexan tidas.

Se calquera, pois, deste ou dos subseguintes tempos , tanto dos frades como dos cregos ou dos leigos con ousadía temeraria contra este noso feito tencionase vir, ou irrompa, sexa anatema maranata na presenza de Deus omnipotente e con Xudas, traidor, sufrá penas en eterna condenación e no presente tempo pague canto no testamento resoa , duplado, e por riba dous talentos de ouro para a parte do mosteiro e tamén este feito noso en todos os tempos obteña plena forza de firmeza.

Foi feita esta serie de testamento no día oitavo das quendas de Agosto na Era Nonacentésima Nona.

OFILÓN, abade, este testamento por min feito co consentimento dos frades coa miña man o confirmo.- MARIA , este testamento por min feito , confirmo.- VICENZO, presbítero, este testamento por min feito confirmo.- AFONSO, rei, confirmo.- Baixo o nome de Cristo, PLACENCIO, bispo , confirmo.- Baixo o nome de Deus , GOMELO, bispo, presente fun o vín.- BONELO, abade, estiveren presente.- SIXERICO, arcediago, presente fun.- NEPOCIANO, presente fun.- SISVALDO, presbítero de PONTELLAS, presente fun.- MUMADONA, confirmo.- AFONSO ,este testamento confirmo.- VISTERLA, diácono, neste testamento segundo e como os meus avós o fixeron e eu o confirmo.- OVECO DIDACI, confirmo.- CENSERICO, presbítero, testemuña.- XUSTO, testemuña.- FLACENCIO, testemuña.

26 de xullo de 988

No nome da Santa e Indivisa Trindade, e igoalmente dos santos Xuliàn e Basilisa e de todos os santos mártires , no lugar chamado mosteiro de SAMOS, no territorio de GALICIA, discurrente o río da SÁRRIA.

Eu VEREMUDO, por madado de Deus, rei , dou e ofrezco e concedo a estes santos mártires que nese lugar están recónditos , para remedio da miña ánima os homes que habitan en VAL CÁRCERE , nas vilas chamadas :

En VILARSINDRE, sete homes. Son estes. SEMPRONIO, ANSEMONDO, DECIO, SENDINO, MENEIO, FROILA E BERNADO.

En en BALBOA seis, son estes: NAUSTO, FULXENCIO, LEOVESINDO, IGO, CITI e CELSIO.

E en SAN XOÀN, no BIERZO, tres: MÁXIMO, VISTREMIRO e CATÓN.

Así deste xeito , estes homes e quen deles sexan nados e estas vilas baixo a ordenación do abade de toda a congregación dos frades, que nese mosteiro en vida santa persevern , concorran para a súa utilidade perpetuamente.

E recibimos por isto en ofrecemento tres peles alfanegues óptimas, en colchas de cama , en adorras: unha grega e dúas iraquesas; un fatel grego con nove natamias gregas, vasos iraqús moi bons, tanto por este ofrecemento como para remedio da miña ánima, de xeito que estas vilas tanto na nosa vida como tamén despois do noso óbito perpetuamente e perennemente as atribúan para este lugar santo e para todos os moradores nel.

Se calquera este feito noso infrinxir tencionase, tanto sexa potestade como pontífice, ou conde ou calquera da diversidade dos pobos, sexa separado do Corpo de do Sangue do Noso Señor Xesús-Cristo, e con Xudas, traidor ao Señor, teña parte na eternna condenación; sexa privado da fonte dos deus dous ollos e sexa esmigallado como leña casi infrutífera; e por riba polos danos seculares pague para a parte do mosteiro e da rexia potestade cinco talentos de ouro e pola igrexa santa sexan posuidos perpetuamente os homes e os bens.

Foi feita esta cartiña de testamento no día 7º das quendas de agosto na era 1006.

VEREMUDO, por mandado de Deus, confirmo.- VELASQUITA, raiña, confirmo.- GUNDISALVO VEREMUDI, confirmo.- CITI DIDACI, confirmo.- NUNO PINIOLIZ, confirmo.- FROILA VIMARAZ , que é escudeiro do rei, testemuña.- XEMENO, testemuña.- PAIO, testemuña.

GOT DE CELETO

10 de maio de 1146

No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo. Amén.

Como da copiosa multitude de homes algúns son libres, algúns son humanos súbditos dos principados, ministros do Señor, en verdade oradores polo pobo, de todo secular dominio e de toda servilidade cos seus bens e posesións deben estar sustraídos e de xeito que de maneira libre e segura podan adicarse a ese ministerio.

Eu, AFONSO, rei pola súa graza, emperador de HESPAÑA, xuntamente coa miña muller a emperatriz BERENGARIA, e os meus fillos , para a miña saúde e a dos meus pais e remisión dos nosos pecados, para que os santos varóns monxes que na igrexa de San Xulián Samonense están , por ningún secular temor e dos seus lugares e cousas por inamistosa invasión se vexan perxudicados e non desistan de facer asiduo servizo a Deus, o Couto, que os meus avós a esta igrexa samonense polo amor de Deus e pola súa saúde fixeron, con liberal ánimo amplifico e extendo.

Amplifico, digo, o Couto pola LAGOA que está entre TOLDAOS e SANTA CRISTIÑA, e dende alí pola CERDEIRA DE LOBOS, e logo polo CASTRO DE SIRGUEIROS e despois pola estrada ata CAMPELO, e da outra parte polo monte MOCOSO.

Esta amplificación do Couto de tal maneira fago para a igrexa samonense, de xeito que dentro dos sinalados termos de agora e de antes ningunha potestade ou outro home facendo mal tencione entrar, e ningunha cousa das existentes dentro deste Couto, que dadas son a Deus e a San Xulián, no sucesivo se escoite conturbar.

Se calquera en verdade posteriormente, do meu ou doutro xénero, o que sexa feito non creo, esta pàxina do meu feito con ousadía temeraria moleste ou diminúa, por Deus e os seus santos sexa maldecido e no inferno co traidor Xudas que a o Señor e Mestre seu traicionou, e con Dathan e Abirón sen fin sexa atormentado, en nada sexa escoitado e calquera que fora do Couto violentamente sustraia bens, duplados os restituía ao mosteiro e para a parte rexia seis mil soldos de moeda por metades sen ningunha remisión satisfaga e esta carta sempre estable permaneza.

Foi feita esta Carta en GOT DE CELETO, a carón de ALMONAZIR, entre TOLEDO e MORA, residente aquí o empereador nas tendas fixas, agardando ao seu exército; naquel tempo imperante en Toledo, León, Zaragoza, Naxera e Galicia, no día sexto dos idus de maio na era 1194.

Eu o emperador AFONSO, esta carta que coa miña muller antedita e os meus fillos quixen fose feita a vós don XOÀN, abade samonense, e aos frades na igrexa samonense agora e posteriormente moradores, de xeito que eu participe sexa das vosas oracións e beneficios, coa miña man asino e para que en todos os tempos forte e firme xea, o concedo (+).- Eu SANCHO, fillos dos anteditos emperador e emperatriz, confirmo.- Eu FERNANDO, fillo do emperador e a emperatriz, confirmo.- Eu REIMUNDO, arcebispo toledano e primado, confirmo.- Eu PEDRO, arcebispo compostelán, confirmo.- Eu BERNARDO, bispo de Sigüenza e cancelleiro do emperador, confirmo.- Eu PEDRO, bispo de Segovia, confirmo.- Eu PEDRO, bispo palentino, confirmo.- Eu MARTIÑO, bispo ovetense, confirmo.- Eu PAIO, bispo mindonense confirmo.- Eu PEDRO, bispo burgalés, confirmo. Eu FERNANDO, conde en LEMOS e en SÁRRIA, confirmo.- Eu PONCIO, conde e mordomo do emperador, confirmo.- Eu RAMIRO FROILAZ, conde, confirmo.- Eu RODORIGO GÓMEZ, confirmo.- Eu ALMARICO, conde, confirmo.- Eu ERMENGAUDIO, conde de URXEL, confirmo.- GUTERRE FERNANDIZ, testemuña.- FERNANDO IOHANNIS, testemuña.- ALVARO RODERICO, testemuña.

59

22 de novembro de (1099 ?)

Aquelo que polos reis e doado e nos escritos apoio teña, apareza e sexa confirmado polo testemuño das letras.

Eu pois, AFONSO, pola graza de Deus emperador de toda HESPAÑA, a vós o abade don SUARIO SUÁREZ fago carta de doazón e confirmación de SANTIAGO DE BARBADELO, con todo o seu dereito polos seus coutos, segundor resoa noutro seu testamento, é a saber, polas extremas de SAN MIGUEL DE RIÁTICOS e polo regueiro de RIO VAO e por BARREIRROS, e por SEIXO BRANCO e por termos de MARZÁN e por NESPEREIRA, e logo por SAN MAMEDE e pola PEDRA DE SALCEDA, e logo pola DEVESA DE VILARIÑO e polas AMBAS AUGAS, dentro e fora por onde a ela chegar poidas; e tamén media herdade desta ermida de SAN MIGUEL DE RIÁTICOS, vola concedo polo voso fiel servizo que me déchese, é a saber, oitocentos soldos.

Así fago doazón a vós o xa dito, destas anteditas herdades de xeito que as teñades por toda a vosa vida e fagades foro no día de SAN FAGUNDO porque deles testamento está escrito no mosteiro samonense; e en verdade despois da vosa morte, teñan estas herdades os vosos achegados, tanto do mosteiro como laicais herdades, e fagan de todo isto consuetudinario escrito no privilexio samonense.

Se en verdade algún home este meu feito tencionase romper, páguevos a vós e á vosa voz mil libras de ouro purísimo e canto invada duplado e esta carta sexa sempre firme.

Foi feita carta de doazón e confirmación na Era Milèsima Centèsima Decimo Quinta, e no día que foi o décimo das quendas de decembro.

EU AFONSO, emperador de toda HESPAÑA, confirmo (+).- O Conde don RODRIGO , de SÁRRIA , confirma.- RAMIRO FROILAZ, de AUTARES, confirma.- PEDRO IOHANNIS , tenente de Monterroso, confirma.- PAIO GARCIA, confirma.- MUNIO ROMANIZ, confirma.- FERNANDO MIONIZ, confirma.- FERNANDO DÍAZ, confirma.- GUNDISALVO PELAIZ, confirma.- PAIO RODRIGUEZ, confirma.- PEDRO, testemuña.- PAIO, testemuña.- MARTIÑO, testemuña.

SANCTO IACOBO DE BARBADELO: Santiago de Barbadelo.-SANCTUM MICHAELEM DE RIATICOS: San Miguel (ermida no Castro das Paredes).-RIVULO VADO: Río Vao, hoxe Rego de Cervos.-BARRARIUM: Barreiros .-SAXUM ALBUM : Seixo Branco.MARCIAN: Marzán.-NESPERRIAM : Nespereira SANCTUM MAMETUM: San Mamede da Chanca PETRAM DE SALZEDA: Pedra de Salceda.-DEVESAM DE VILARINO.- Devesa de Vilariño (Farbán).-AQUAS AMBAS: Ambasaugas (perto da Rañoá)

60

5 de maio de 1161

No nome da Santa e Indivisa Trindade, Pai e Fillo e Espírito Santo. Amén.

Á rexia maxestade convenlle apreciar os lugares e ás congregacións relixiosas darlles azos e telas da súa man e axudalas con algúns beneficios.

Eis, por iso, eu FERNANDO, pola graza de Deus rei leonés, fago escritura e documento de doazón firmísima de todo o meu dereito e voz toda canta eu teño na igrexa de SAN MARTIÑO DE FROIÀN e na súa igrexa parroquial e que ao dereito de El-Rei pertence ou pertencer poida, a Deus a ao Mosteiro Samonense e a vós, don SANCHO, abade do dito lugar e a toda a congregación igoalmente, de servidores de Deus a quen con vos se asocien ou vos sucedan.

Dou tamén a Deus e ao Mosteiro dos Santos Xulián e Basilisa e Santa María, e a vós o xa dito abade don SANCHO, todo o meu dereito e voz que eu teño na nomeada igrexa e na súa parroquia.

Enádolle tamén o Couto das parroquia desta igrexa de SAN MARTIÑO e A VILANOVA e ABUÍN, para que a continuación as teñan para defensa do Couto, perpetuamente , e os reteñan polos seus novísimos termos e polos antigos, de xeito que no COUTO SAMONENSE, se inclúa a igrexa de SAN MARTIÑO coa súa parroquia , e coa VILANOVA e ABUÍN.

Esta voz e escritura de doazón e perpetua e firme dación e concesión para o COUTO, fágoa e perpetuamente a dou e concedo a Deus e ao MOSTEIRO DE SAMOS, pois igoalmnte o fixo don GUERALDO, dilecto vasalo meu, que morreu no meu servizo e alì sepultado foi.

Se calquera , pois, contra este meu voluntario feito violador fose ou contra este escrito de doazón tencionase vir, incurra na ofensa a Deus , coa miña indignación , e polo mesmo exceso pague ao MOSTEIRO DE SAMOS, e á súa voz cen libras de ouro e este meu escrito documental reteña forza perpetuamente.

Foi feita esta escritura na expedición sobre os salmantinos nos tres días andados das nonas de maio de Era Milèsima Bicentèsima Cadraxésima Nona, no ano terceiro depois de que morreu no PORTO DE MURADAL o famosísimo

Emperador da HESPAÑA don AFONSO, e principiou a reinar o inclito fillo do antedito rei don FERNANDO, en LEÓN , GALICIA e ASTURIAS.

Eu , FERNANDO, pola graza de Deus rei leonés, este escrito que quixen fose feito, pola miña propia man o confirmo (+).- PEDRO, bispo mindonense, confirmo.-ORDOÑO, bispo salmantino, confirmo.- ESTEVO, bispo zamorano, confirmo.-FERNANDO, bispo astorgano, confirmo.- PEDRO, bispo ovetense, confirmo.- ISIDORO,bispo tudense, confirmo.- SEUIRO, bispo de CORIA, confirmo.-

O conde PONCIO, mordomo de El-Rei , confirmo.-O conde PEDRO, confirmo.- O conde RAMIRO, confirmo.- O conde GONZALVO, confirmo.- O conde ALVARO RUDERICI, confirmo.- PONCIO DE MINERVA, confirmo,.MENENDO BRAGANCIA, confirmo.- FERNANDO GUDISALVIZ, portaselos de El-Rei, confirma.-FERNANDO VEREMUDI, confirma.